



INFORME SOBRE O PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

Venres 26 de xaneiro 2018.

APERTURA

PRESIDENTE da FEGAMP .Alfredo García

DIRECTORA XERAL de URBANISMO. Encarnación Rivas

XORNADA

PONENTE 1. DIRECTORA XERAL DE URBANISMO. Encarnación Rivas

O PBA é unha foto non fixa da situación, que engloba todas as afeccións da comunidade autónoma

Dende 2010 vimos falando do complexo que é para moitos municipios a redacción dun PXOM, preocupación plasmase cunha solución na Lei 2/2016, ca figura do PLAN BÁSICO MUNICIPAL. Mais estes PBMs necesitan un urdimbre, unha figura que recolla unha foto da situación, O PLAN BASICO AUTONÓMICO.

Tratase dunha unha ferramenta practica cos seguintes **obxetivos**:

- Delimitar as afección sectoriais
Se prevé un documento que se vaia actualizando
- Identificar os asentamentos de poboación existentes
- Establece unhas normas xerais e ordenanzas tipo.
- Contén o Catálogo dos elementos a protexer para cada concello.


Será de aplicación nos 313 concellos de Galicia ,directamente aos que non teñan planeamento e de modo subsidiario ou complementario aos outros.

Substitúe as NNSSCCPP do 91 que non foron anuladas pero si modificadas polas tres leis que tivo a comunidade neste tempo.

ESTRUCTURA E CONTIDO

- Planificación en cascada, recolle os instrumentos de ordenación territorial aprobados (POL e DOT...)
- AFECCIONS, derivadas das lexislacións sectoriais (determinando as áreas do territorio nas cales sexa informe sectorial), de resoltas destas afeccións determinase a CATEGORIZACION DOS SOLOS RUSTICOS. A modificación destas afección requirirá o acordo co órgano sectorial competente.
- ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN, identificación con topónimos de 29703 recollidos no nomenclátor
- REGULARIZACIÓN DE USOS, ORDENANZAS TIPO, axuda para os PXOMs e base dos PBM. Harmonizadas coas sectoriais.
- BASE CARTOGRÁFICA 4122 planos 1:10000
Planos 1:25000
- CATALOGO 49946

PROCEDEMENTO



PONENTE 2. SUBDIRECTOR XERAL DE URBANISMO Eduardo Sobrino

CONTIDO TÉCNICO

Recolle as afeccións que xa existen e identifica os asentamentos (NR e SUC)
Os concellos verificaran as listaxes , os órganos sectoriais as afeccións

- MEMORIA XUSTIFICATIVA
Determina as cuestións que levaron a redacción final de este documento
- ANEXO DE ASENTAMENTOS DEPOBOACIÓN, figuran todos os asentamentos. Todos son certos e poden derivar en NR ou SUC.
- PATRIMONIO, listaxe de BICs e CATALOGO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.
Non están todos, están os que recolle neste momento a DXPC. As áreas de protección de acordo cos contornos subsidiarios marcados pola Lei (Non coinciden cos dos PXOMs), no caso de existir planeamento en vigor prevalece este.
- NORMATIVA
Sustitúe as NNSSCCSS. Ordenanzas tipo para os PBMs e complementario para os PXOMs.
Actualízanse as ordenanzas das NNSS, empregando os conceptos do Regulamento.

PREGUNTAS

- Cal é a data do acordo de aprobación inicial?
14 /12/2017 .Figura no expediente administrativo ,
- Catálogo, faltan elementos ¿.
Integra os que xa están protexidos, os BICs e os que recolle o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia
- Non se plantexa unha Ordenanza de Ordenación?
Esta ordenanza resolverase segundo sinala a lei no planeamento municipal e nos concellos sen PXOM poderán resolvelo os PBMs



- Qué pasa co planeamento en vigor, pero obsoleto?
Prevalece o planeamento, o PBA o complementa , suple adonde non chega.
- Discrepancias entre o planeamiento aprobado adaptado e o PBA...por exemplo augas?
Errores aos que debese alegar
- Se identifican entidades de poboación, estas as veces son residuais , daselles respaldo?
Eso será o planeamento ou o PBM o que o determine, agora só se identifican.
- É un documento vivo? Con que mecanismo se actualiza despois da súa probación definitiva?
Automáticamente de acordó ao artigo 90.4 do regulamento

CLAUSURA

PRESIDENTE DA XUNTA: Alberto Núñez Feijóo

- O urbanismo non debe constringir as posibilidades dos vecinos e as veciñas.
- Non hai vertebración social senon hai vertebración territorial .
- A ordenación non está reservada só para as cidades, é útil para todos os concellos de Galicia.
- O urbanismo do século XXI debe legislar para: “Unificar normativas, integrar e conectar os núcleos de poboación, é dicir, vertebrar unha Galicia única”
- Sobre a base deste texto se asentarán os futuros PBMs.
- Aprobación definitiva a mediados deste ano, despois de estar aberto ás achegas, alegacións ou suxestións do sector. Preve a aprobación definitiva de PBMs a finais do 2019.
- O Plan básico autonómico “non debe significar Plan básico da Xunta, senón Plan básico de Galicia”
- Aproveitou a intervención para agradecer e solicitar a colaboración dos profesionais do sector para revisar a listaxe de asentamentos de poboación, comprobar se os núcleos están xeorreferenciados adecuadamente e se a toponimia do documento está actualizada.

Elvira Carregado Pazos
Vogal de Xunta de Goberno do COAG